

María Ramallo Vázquez, Alcaldesa do Concello de Marín, en base as atribucións que me confire o artigo 21.1 e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co disposto no artigo 84.a) do mesmo texto normativo, que establece a posibilidade de intervir na actividade dos cidadáns por parte dos Concellos, é polo que a través do presente **BANDO**,

FAGO SABER

Desde finais do mes de xullo detectouse a circulación de virus da influenza aviar de alta patoxenicidade en aves domésticas coma silvestres. Dado que o Concello de Marín atópase dentro da Zona de Especial Vixilancia (ZEV) de aparición da Influenza Aviaria, se dan a coñecer as seguintes medidas de protección a aplicar entre a cidadanía que conte con calquera tipo de explotación avícola, sexa industrial, artesanal ou de pequena capacidade ou un curral familiar para autoconsumo:

Primeira. Está prohibida a presenza de aves de curral en centros de concentración de animais (feiras, mercados gandeiros e similares).

Segunda. Os titulares de explotacións avícolas non comerciais deben anotarse nun rexistro administrativo, no que figurará:

- Identificación do propietario e enderezo da explotación.
- Número habitual de aves e especie ou especies á que pertencen.
- Sistema de cría: pechado (se nunca saen ao exterior), aberto (están permanentemente no exterior ou mixto (as aves saen ao exterior e dormen no interior).

Este rexistro pode realizarse por diversas vías:

- Na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/portada>), cubrindo o formulario MR 501A – Inscripción no rexistro de explotacións avícolas non comerciais. Xúntase modelo para o seu coñecemento e uso se o consideran. (<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR501A&ano=2015&numpub=1&lang=gl>)
- Nas Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) da Consellería do Medio Rural.
- No propio concello para posterior traslado á OAC de pertenza.
- Por calquera dos sistemas habilitados pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Terceira. Calquera sospeita de influenza aviaria nas aves da explotación deberá ser comunicada aos Servizos Veterinarios Oficiais da Consellería do Medio Rural directamente ou a través do veterinario da explotación se o tiveran. Igualmente no caso de sospeita en aves silvestres detectadas na explotación.

Cuarta. Ademais, recoméndase tomar as seguintes medidas:

- Evitar criar parrulos, gansos ou ocas xunto con outras especies de aves de curral.
- Evitar que as aves domésticas entren en contacto directo con aves silvestres e especialmente con aves acuáticas e dentro delas coas anátidas.
- Protexer os comedeiros e bebedeiros evitando que accedan a eles as aves silvestres.
- Evitar darlle de beber ás aves de curral augas ás que puideran ter accedido aves silvestres.
- Protexer os depósitos de auga, impedindo que poidan acceder a ela as aves silvestres.
- Non soltar ás aves de curral nos terreos mais próximos á beira das charcas, encoros ou pequenos humedais onde haxa presenza de aves silvestres migratorias, especialmente se son anátidas.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4006879600U7P9F9Q2K9O2 en https://sede.concellodemarin.es	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 14/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/12/2020 12:02:18	EXPEDIENTE : 2020SE031-254 Fecha: 11/12/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
---	--	--





- As persoas titulares e traballadoras de granxas avícolas comerciais que posúan tamén unha explotación avícola non comercial evitarán realizar visitas a unha e outra explotación sen previamente tomar as axeitadas medidas de bioseguridade, (lavado de roupa, lavado de mans...) especialmente se as aves do galiñeiro familiar teñen posibilidade de contactar con aves silvestres migratorias.
- As persoas titulares ou traballadoras en explotacións e currais avícolas de calquera tipo, se realizan actividade cinxética de caza menor de aves, deben manter as citadas adecuadas medidas de bioseguridade unha vez finalizada a actividade cinxética, procurando no entrar en contacto coas aves domésticas da súa propiedade.

Quinta. Como información complementaria infórmase:

- As concentracións de outras aves distintas das de curral (aves ornamentais e similares) están permitidas pero poderán ser prohibidas pola Consellería do Medio rural, de acordo coa situación de risco en relación coa influenza aviaria.

A Alcaldesa

María Ramallo Vázquez

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40006879600U7P9F9Q2K9O2 en https://sede.concellodemarin.es	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 14/12/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 14/12/2020 12:02:18</p>	EXPEDIENTE : 2020SE031-254 Fecha: 11/12/2020 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	--	--

